

**BASES DO PLAN XERAL DE ACTUACIÓN SOBRE O  
PATRIMONIO CULTURAL DAS PARROQUIAS DE  
PONTEVEDRA**

**Xuño de 2012**

## **0. INTRODUCCIÓN.**

A iniciativa de elaboración e aprobación dun plan do patrimonio das parroquias de Pontevedra é resultado da vontade do Concello de Pontevedra, por medio da concellaria de Patrimonio Histórico, de concentrar enerxías, recursos e liñas de actuación na protección, estudo, recuperación, promoción e aproveitamento socioeconómico do patrimonio cultural (material e inmaterial) do espazo rural ao longo do período 2012-2016.

Este compromiso enmárcase na consideración do rural como un ámbito prioritario e estratéxico de actuación no citado período, o que conlevará actuacións en materia de infraestruturas, servizos, equipamentos, dinamización sociocultural, e patrimonio cultural e natural.

O presente plan deseña un programa xeral de actuación que deberá concretarse no espazo e no tempo en funcións de diversas variables:

- Recursos económicos dispoñíbeis.
- Diagnose dos recursos existentes en cada parroquia, interese desde o punto de vista patrimonial, e viabilidade das intervencións.
- Grao de implicación do tecido social de cada parroquia no proceso de recuperación, custodia e dinamización.
- Repercusión positiva no desenvolvemento comunitario en termos de autoestima, cohesión, fixación de poboación, creación de emprego, atracción de visitantes...

O proceso de desenvolvemento das liñas de actuación e as medidas contempladas no documento asumen as seguintes consideracións xerais:

- Consideración das parroquias rurais de Pontevedra como un espazo complexo e diverso, que precisa de actuacións de carácter transversal (ordenación do territorio, desenvolvemento socioeconómico, posta en valor dos recursos culturais e naturais, calidade de vida, equidade) mais tamén adaptadas á realidade de cada unha delas.
- Superación da imaxe das parroquias como un espazo idílico, depositario das esencias identitarias e obxecto da atención paternalista das elites urbanas.
- En consecuencia co anterior, priorización das medidas encamiñadas a promover a implicación e o protagonismo da comunidade en xeral e das entidades sociais (comunidades de montes, asociacións veciñais, asociacións culturais, de mulleres, xuvenís, deportivas, educativas...) na mellora da calidade de vida e o desenvolvemento social, cultural e económico dos seus territorios.

Finalmente, o plan de actuación parte da asunción da seguinte realidade:

- o estado de precariedade e abandono de grande parte dos bens culturais situados no ámbito rural;
- a certeza de que existen numerosos bens que ou ben aínda non foron identificados ou non se coñece a súa localización e estado de conservación;
- a necesidade dunha actuación de carácter global, planificada e continuada no tempo;
- o descoñecemento por parte da sociedade en xeral da riqueza, antigüidade e diversidade dos bens patrimoniais materiais e inmateriais existentes;
- a convicción de que se trata de elementos fundamentais para coñecer a historia e a identidade de Pontevedra, ademais de recursos con grande rendibilidade para o presente e o futuro.

## **2. OBXECTIVOS**

### **a) Histórico-patrimoniais**

- i. Dar a coñecer a riqueza do patrimonio cultural e ambiental das parroquias de Pontevedra.
- ii. Fomentar o sentimento de identidade e orgullo dos veciños e veciñas da parroquia arredor da historia, as tradicións, a paisaxe..., comprometendo a sociedade nun proceso de protección, custodia, uso e promoción do patrimonio local.
- iii. Mobilizar enerxías e recursos a favor da investigación, protección, recuperación, difusión e aproveitamento dos valores do territorio, a paisaxe e a historia das parroquias.
- iv. Incorporar ás liñas de actuación en materia de patrimonio cultural debates e conceptos de máxima actualidade como permacultura, procomún, custodia do territorio, sustentabilidade.
- v. Remarcar a identidade cultural galega (historia, patrimonio inmaterial, paisaxe...) do rural pontevedrés, tendo en conta a complexidade dos procesos de transformación que operan neste territorio.

### **b) Socioeconómicos**

- i. Promover a dinamización da parroquia através da cultura e do patrimonio.
- ii. Empregar os recursos patrimoniais como elementos de cohesión social e vertebración da parroquia favorecendo o acceso do conxunto da poboación ao coñecemento e uso dos bens.
- iii. Creación de tecido social (espazos de relación, redes sociais) mediante o fomento do asociacionismo intra e interparroquial e através do incremento dos niveis de participación cidadá.
- iv. Favorecer o intercambio, a convivencia e a cooperación entre as entidades das parroquias do Concello de Pontevedra (comunidades de montes, asociacións veciñais, asociacións culturais, xuvenís, de

mulleres, centros educativos, anpas...) e entre as entidades do ámbito rural e urbano.

v. Converter o patrimonio material e inmaterial en factor de dinamismo social e económico ao servizo do desenvolvemento rural: fixamento de poboación en relación con actividades produtivas e de dinamización, fomento das relacións entre o mundo rural e urbano (en ambas direccións), atracción de visitantes (actividades pedagóxicas, turísticas, hosteleiras...).

**En conclusión,** serán obxectivos centrais do programa:

- Fortalecer a identidade parroquial arredor da cultura e o patrimonio (elementos de orgullo, autoestima)
- Poñer o patrimonio ao servizo da cohesión social e a vertebración da parroquia.
- Aproveitamento da cultura e patrimonio como factores de mobilización e dinamismo social, cultural e económico.

## **2. CRITERIOS XERAIS.**

### **i. Globalidade:**

Consideración integral do patrimonio en relación coa paisaxe e o territorio (patrimonio cultural e natural).

Establecemento de procesos e métodos de traballo que actúen conxuntamente sobre o patrimonio cultural material e inmaterial.

### **ii. Participación.**

Promoción dun proceso de participación e dinamización social arredor da historia e o patrimonio das parroquias.

Inclusión do patrimonio cultural e natural nas programacións escolares, nomeadamente nos centros educativos das parroquias.

Fomento dos programas de voluntariado e custodia do patrimonio cultural e natural. A estes efectos, enténdese a custodia como conservación e dinamización e considérase o uso como o principal instrumento do concepto de "custodia".

Articulación das iniciativas institucionais e sociais nun programa común de actuación baseado nas sinerxias, na complementariedade e na complicidade.

Incorporación da defensa, promoción e uso do patrimonio no ámbito de actuación dos consellos parroquiais e dos colectivos cidadáns.

### **iii. Socialización.**

Fomento da identificación social cos valores do patrimonio mediante programas de educación patrimonial.

Consideración do uso e disfrute social do patrimonio como principal garantía de futuro.

### **3.- LIÑAS DE ACTUACIÓN.**

#### **Liña estratéxica 1. Desenvolvemento de plans e programas integrais sobre o patrimonio**

Acción 1. Elaboración e desenvolvemento do plan do patrimonio rural. Integración e coordinación deste documento con outros programas xerais de actuación no rural como o Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Pontevedra (PPDCIF), o Proxecto de Ordenación dos Montes de Pontevedra, o Plan Monte Vivo ou os Plans Específicos de Actuación nas Parroquias (Consellos parroquiais).

Acción 2. Desenvolvemento de proxectos multidisciplinares (patrimonio natural e cultural) en territorios que contén bens e recursos de especial interese e co impulso da iniciativa social.

A modo de exemplo:.

-Parque ecolóxico, arqueolóxico e etnográfico do Val de Tomeza e Salcedo

-Parque cultural e natural do Lérez e do Almofrei (en relación coa "Aula de Interpretación do Almofrei" promovida pola Comunidade de Montes de Bora)

-Proxecto arredor das parroquias de Salcedo e Lourizán (colaboración co Proxecto dos Sete Camiños).

(Para estas iniciativas elaboraranse os correspondentes documentos)

Acción 3. Programa da memoria oral.

Historias de vida

Memoria de muller

Memoria da represión

Literatura de tradición oral

Proxecto Xeve de memoria

(O programa de memoria oral desenvolverase tamén en relación cos proxectos multidisciplinares e cos programas de catalogación e recuperación do patrimonio material)

Acción 4. Programa da memoria gráfica e audiovisual.

-Memoria gráfica: recompilación, catalogación e difusión de fotografías históricas do rural, con especial atención a aquelas imaxes que sirvan como documento de modos de vida, tradicións, costumes, oficios, festas, paisaxes, construcións...

-Memoria audiovisual: recompilación, catalogación e difusión de gravacións audiovisuais representativas da evolución sociocultural e económica das parroquias de Pontevedra.

## **Liña estratéxica 2. Catalogación e protección**

Acción 1. Catálogo xeral do patrimonio cultural a partir dos traballos realizados para o PXOM. Incluirá a actualización e revisión do catálogo actualmente en vigor.

Acción 2. Elaboración dun catálogo do patrimonio etnográfico material (arquitectura tradicional) aproveitando os traballos realizados no marco do plan PRODOR. Dada a amplitude do campo de estudo, establececese a seguinte ordenación temporal:

1º Pontes, pasos, camiños, elementos tradicionais de peche, socalcos...

2º Cruceiros, cruces, petos de ánimas...

3º Construcións de transformación: muíños, eiras, fornos...

4º Construcións de aproveitamento da auga: fontes, pozos, lavadoiros, levadas, presas, depósitos, minas...

Acción 3. Desenvolvemento dun programa xeral de actuación en relación co patrimonio inmaterial que contemple con carácter prioritario o estudo, difusión e dinamización de:

A toponimia de Pontevedra

Os oficios e actividades produtivas

As crenzas, mitos, lendas e saberes tradicionais

As festas

Os xogos

A literatura de tradición oral

Acción 4. Mapa de riscos do patrimonio cultural.

No prazo máximo de dous anos elaborárase un mapa de riscos do patrimonio cultural do ámbito rural.

## **Liña estratéxica 3. Conservación e restauración do patrimonio material.**

No prazo de un ano a partir da aprobación do plan elaborárase un documento no que se recollan:

### **1º Actuacións inmediatas (1-3 anos)**

Patrimonio arqueolóxico

Patrimonio arquitectónico

Patrimonio etnográfico

Espazos e lugares de interese histórico-cultural.

### **2º Actuacións a medio prazo (4-6 anos)**

Patrimonio arqueolóxico

Patrimonio arquitectónico

Patrimonio etnográfico

Espazos e lugares de interese histórico-cultural.

#### **Liña estratéxica 4. Programas de sensibilización e difusión.**

Acción 1. Desenvolvemento de proxectos temáticos sobre a memoria colectiva, elementos do patrimonio e da paisaxe, manifestacións festivas, acontecementos históricos...

Acción 2. Organización de xornadas temáticas anuais sobre o patrimonio cultural e natural.

Educación patrimonial.

Custodia do territorio.

Aproveitamento socioeconómico do patrimonio.

Acción 3. Organización de voluntariado para a protección e recuperación do territorio, a paisaxe e o patrimonio cultural, así como iniciativas de custodia do territorio. A este respecto, no período de vixencia do plan elaborárase un proxecto de voluntariado e unha proposta de entidade de custodia e dinamización do patrimonio.

Acción 4. Creación dun espazo virtual de información e promoción do patrimonio cultural de Pontevedra e a súa área territorial.

#### **Liña estratéxica 5. Aproveitamento socioeconómico do patrimonio.**

Acción 1. Roteiros do patrimonio cultural e natural das parroquias.

Acción 2. Organización de eventos (conmemoracións, actos institucionais, xornadas de "portas abertas", festas) centrados en elementos singulares do patrimonio, a historia e a paisaxe.

Acción 3. Xornadas do patrimonio cultural das parroquias (Xeiras do Patrimonio).

Acción 4. Proxectos e programas de dinamización económica arredor do patrimonio cultural e natural.

Oficios tradicionais

Festas

Dinamización turística

Acción 5. Promoción da implicación das entidades e actividades tradicionais do rural en iniciativas do ámbito urbano como mercados, celebracións festivas, feiras de carácter urbano.

#### **4. RECURSOS E FINANCIAMENTO.**

O desenvolvemento do presente plan xeral de actuación require a mobilización de recursos humanos, materiais e económicos por parte da sociedade e das institucións:

- Institucionais
  - Concello de Pontevedra
  - Deputación Provincial
  - CSIC (Misión Biolóxica)
  - Xunta de Galicia: Consellaría de Educación e Cultura, Medio Rural, Turismo, AGADER
  - Fondos europeos (LEADER...)
  - Ministerio de Fomento (1% cultural)
  - Universidade
  
- Sociais
  - Comunidade de montes veciñais en mancomún de Pontevedra
  - Entidades sociais: asociacións veciñais, asociacións culturais, deportivas, ANPAS
  - Fundacións
  - Igrexa Católica: acceso a materiais documentais, bens...
  
- Privados
  - Empresas en xeral
  - Empresas de hostalaría e turismo
  - Asociacións de empresarios